XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO SAÍDA Nº: 1221/2024
DATA ASENTO: 10/02/2024

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 9 de febreiro de 2024, polo que se toma coñecemento da modificación do Plan de Cobertura informativa da Corporación Radio e Televisión de Galicia para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024.

A Xunta Electoral de Galicia, na súa sesión do 9 de febreiro de 2024, tomou coñecemento dunha modificación do Plan de Cobertura Informativa da Corporación Radio e Televisión de Galicia para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024 (RE 400/2024, 3.02.2024), axustado á ampliación do tempo de información específica de campaña electoral determinado por esta Xunta Electoral, por acordo do 31 de xaneiro de 2024, confirmado por acordo da Xunta Electoral Central do 8 de febreiro de 2024.

A dita modificación e a nova versión do dito Plan de Cobertura están publicadas na páxina web da Xunta Electoral de Galicia: http://www.parlamentodegalicia.es/XuntaElectoral/

Respecto deste único punto da modificación, ampliación do tempo de información específica de campaña electoral, ábrese un novo prazo para a presentación de reclamacións polos representantes xerais das formacións políticas acreditados ante esta Xunta Electoral de Galicia ata ás 17:00 horas do domingo 11 de febreiro de 2024.

As reclamacións formuladas en tempo e forma estarán á disposición das formacións políticas interesadas na Secretaría da Xunta Electoral Galicia (xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal), para os efectos de que poidan formular alegacións ata as 18:00 horas do luns 12 de febreiro de 2024. Idéntico prazo terá a Corporación Radio e Televisión de Galicia para contestar as reclamacións presentadas.

O que se comunica de conformidade co disposto no artigo 66 da LOREX e no punto quinto da Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, de interpretación do artigo 66 da LOREX, no relativo ás garantías de respecto aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa polos medios de comunicación en período electoral.

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA Nº: 400/2024
DATA ASENTO: 03/02/2024

CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Tras o acordo da Xunta Electoral de Galicia, de 31 de xaneiro, en relación coa reclamación interposta pola representante xeral do Bloque Nacionalista, contra o plan de cobertura informativa da campaña electoral, remítese o novo Plan de cobertura axustado á ampliación do tempo de información específica da campaña electoral determinado por esa Xunta Electoral.

O tempo dedicado á información específica da campaña electoral en cada informativo amplíase ata os seis minutos e vinte segundos (380 segundos). O reparto entre cada formación, segundo os criterios recollidos no plan será, aproximadamente, o seguinte:

ENTIDADE POLÍTICA	**TEMPO APROX. 6'20" (380")**
PARTIDO POPULAR (PP)	2'38" (158")
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	1'18" (78")
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	1'04" (64")
SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA)	30"
PODEMOS GALICIA (PODEMOS-ALIANZA VERDE)	30"
OUTROS	20"

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2024

O director xeral da
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA Dirección Xeral

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

ILMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA Nº: 400/2024
DATA ASENTO: 03/02/2024

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2024

PLAN DE COBERTURA DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (TVG, RADIO GALEGA E WWW.G24.GAL)

INTRODUCIÓN

1 MARCO LEGAL

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), sociedade mercantil pública autonómica á que se lle encomendou a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG), realiza a súa actividade de comunicación audiovisual inspirándose, entre outros, nos seguintes principios (artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia):

- O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia e dos dereitos e das liberdades que neles se recoñecen e garanten.
- O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.
- A obxectividade, a imparcialidade, a veracidade e a neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.
- A separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

A Corporación RTVG asegura o dereito que todas as persoas teñen a que a comunicación audiovisual inclúa unha programación en aberto que reflicta e respecte a diversidade cultural, ideolóxica e política da sociedade galega (artigo 30 da Lei 9/2011, do 9 de novembro).

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Especificamente, o artigo 37 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dispón que durante os procesos electorais se aplicará o réxime especial que establezan as normas electorais.

Ademais, o artigo 26 do mandato marco da Corporación RTVG establece que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, a e as resolucións que emanen das xuntas electorais serán de aplicación á hora de establecer os criterios de representación e proporcionalidade nos espazos gratuítos, na información electoral e nos debates.

En especial, o artigo 66 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, sinala que *O respecto ao pluralismo político e social, así como á igualdade, proporcionalidade e a neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral, garantiranse pola organización dos ditos medios e o seu control previstos nas leis*.

Para a concreción do contido do devandito artigo, a Xunta Electoral Central (XEC) ditou a Instrución 4/2011, do 24 de marzo. Esta instrución establece:

Plans de cobertura informativa da campaña electoral.

1 *Os órganos de dirección dos medios de titularidade pública someterán ás xuntas electorais competentes os seus plans de cobertura informativa da campaña electoral, nos que incluirán os debates, entrevistas e programas específicos de natureza electoral que pretendan realizar, así como os criterios sobre a información específica relativa á campaña electoral.*

2 CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS

Logo da convocatoria das eleccións ao Parlamento de Galicia para o 18 de febreiro de 2024 (Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións), a Corporación RTVG somete á Xunta Electoral de Galicia (XEG) o seu plan de cobertura informativa da campaña electoral.

3 PLAN DE COBERTURA. CONTIDO

Este plan de cobertura fundaméntase no respecto ao pluralismo político e social, así como na igualdade, na proporcionalidade e na neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública da CAG, sen prexuízo do dereito a difundir libremente información que se consagra no artigo 20 da Constitución.

Abrangue os debates, as entrevistas e os programas específicos de natureza electoral que se pretenden realizar a través das súas marcas de identidade Televisión de Galicia (TVG) e Radio Galega, así como os criterios sobre a información relativa á campaña electoral.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Tamén se regula a cobertura na páxina web www.g24.gal.

4 CRITERIOS XERAIS PARA A INFORMACIÓN ESPECÍFICA RELATIVA Á CAMPAÑA ELECTORAL

Os criterios xerais para a información específica da campaña electoral son os que se establecen na antedita Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da XEC.

Ofrecerase información da campaña electoral durante os quince (15) días de duración desta en diversos programas informativos da TVG e da Radio Galega (dende as 00:00 h do 02.02.2024 (venres), ata as 24:00 h do 16.02.2024 (venres).

Só se facilitará información relativa á campaña electoral dos partidos, das federacións e das coalicións que presenten candidaturas en, polo menos, tres circunscricións electorais da CAG. Esta información responderá aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa. A duración da información dedicada a cada entidade política axustarase proporcionalmente aos resultados que obtivese nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia (12.07.2020) e emitirase aplicando o criterio de maior a menor, en función dos resultados que logrou cada unha delas nos anteditos comicios, no caso das que están representadas no Parlamento de Galicia

Na información específica relativa á campaña electoral tamén se inclúen as candidaturas daquelas entidades políticas que non se presentaron ás anteriores eleccións equivalentes ou que non obtiveron nelas representación, mais con posterioridade, en recentes procesos electorais, e no ámbito de difusión do medio (CAG), obtiveron un número de votos igual ou superior ao 5% dos válidos que se emitiron. A cobertura destas entidades políticas que se consideran grupos políticos significativos non poderá ser igual ou superior á que se lle dedique ás que obtiveron representación.

No caso das coalicións electorais, só poderán ter a consideración de grupo político significativo cando algún dos partidos políticos que as compoñen cumpra por si só o que se dispón no parágrafo anterior.

A orde de emisión da información dos considerados grupos políticos significativos seguirá o mesmo criterio de maior a menor, empezando pola entidade política que obtivese a maior porcentaxe de votos.

Ademais, a cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes ou que non obtiveron representación non poderá ser superior á que se lle dedique aos que se recoñecen como grupos políticos significativos.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A información específica sobre a campaña electoral limitarase ao conxunto de actividades que desenvolvan os candidatos e as candidatas, os partidos, as federacións, as coalicións ou as agrupacións de electores/as en orde á captación de sufraxios.

Coa finalidade de garantir a neutralidade informativa, a información específica da campaña electoral limitarase exclusivamente a trasladarlle e ofrecerlle obxectivamente á cidadanía as propostas que realicen e as mensaxes que divulguen as distintas entidades políticas concorrentes.

Non se incorporarán no bloque informativo electoral outros asuntos alleos á actividade da campaña electoral, que, en calquera caso, se poderán abordar fóra do bloque informativo electoral. Será neste último onde se dará conta das incidencias non propiamente electorais que se poidan producir durante a campaña e que, consecuentemente, non se consideran formalmente tempo de información electoral.

4.1 Antecedentes. Datos das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12.07.2020

ENTIDADE POLÍTICA	DEPUTADOS/AS	VOTOS VÁLIDOS
PARTIDO POPULAR (PP)	42	47,96%
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	19	23,79%
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	14	19,39%

4.2 Criterio de representatividade

Pola súa representatividade, en función dos resultados que lograron nos anteriores comicios equivalentes nas catro circunscricións electorais da CAG, a información dedicada ás seguintes entidades políticas deberase axustar proporcionalmente aos resultados que obtiveron nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 12.07.2020:

- Partido Popular (PP)
- Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)

4.3 Grupos políticos significativos

En virtude do que se determina na Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da XEC, son grupos políticos significativos aquelas formacións que en procesos electorais que se realizaron con posterioridade ás últimas eleccións equivalentes obtiveron no ámbito territorial do medio de comunicación (CAG) un número de votos igual ou superior ao 5% dos válidos que se emitiron.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

En virtude do que se especificou, recoñecéselle a consideración de grupo político significativo ás coalicións electorais Sumar Galicia (Sumar Galicia) e Podemos Galicia (Podemos- Alianza Verde) en atención aos resultados obtidos nas eleccións ao Congreso dos Deputados do 23 de xullo de 2023

5 DEBATE E ENTREVISTAS

O debate e as entrevistas que se prevén respectan os principios de pluralismo político, neutralidade informativa, igualdade e proporcionalidade.

TELEVISIÓN DE GALICIA (TVG)

1 INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA CAMPAÑA ELECTORAL

1.1 Información diaria específica da campaña electoral

Durante os 15 días do seu desenvolvemento (02.02.2024 ao 16.02.2024), a TVG emitirá información da campaña electoral nos programas informativos *Telexornal mediodía*, *Telexornal mediodía fin de semana*, *Telexornal serán* e *Telexornal serán fin de semana*. En función dos criterios que se expoñen neste plan de cobertura, a duración da información diaria dedicada a cada formación política con representación será, aproximadamente, a seguinte:

ENTIDADE POLÍTICA	PORCENTAXE	TEMPO APROX. 5' (300")
PARTIDO POPULAR (PP)	47,96%	2'38" (158")
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	23,79%	1'18" (78")
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	19,39%	1'04" (64")

A información dedicada aos *grupos políticos significativos* será de 30" a cada un deles: SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA) e PODEMOS GALICIA (PODEMOS- ALIANZA VERDE).

A cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes, que non obtiveron representación ou que non teñen a consideración de grupo político significativo agruparanse no apartado *outros*. Non terán necesariamente aparicións diarias, nin en todas as edicións dos telexornais, e o seu tempo será sempre inferior ao que se lle asigna aos grupos políticos significativos.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Así, o tempo dedicado á información específica da campaña electoral en cada informativo (incluíndo a "outros" que, como se acaba de expoñer non terán necesariamente aparicións en todas as edicións dos telexornais), será, aproximadamente, o seguinte:

ENTIDADE POLÍTICA	TEMPO APROX. 6'20" (380")
PARTIDO POPULAR (PP)	2'38" (158")
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	1'18" (78")
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	1'04" (64")
SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA)	30"
PODEMOS GALICIA (PODEMOS-ALIANZA VERDE)	30"
OUTROS	20"

O bloque específico sobre a actualidade da campaña electoral diferenciarase do resto da información xeral cunha cabeceira de apertura e con outra de peche. No caso de que as entidades políticas cedan a imaxe dos seus actos farase constar cunha lenda.

1.2 Programación especial dos actos de apertura da campaña electoral

A información relativa aos actos de apertura de campaña emitirase no bloque de información electoral do *Telexornal mediodía* do 02.02.2024.

A información relativa aos actos de peche de campaña emitirase no bloque de información electoral do *Telexornal serán* do 16.02.2024.

2 ENTREVISTAS E DEBATE

2.1 Entrevistas

A TVG ofrecerá entrevistas con representantes das candidaturas das entidades políticas representativas e dos grupos políticos significativos que se citan neste plan de cobertura. As persoas que designen debe formar parte das candidaturas que presentan as entidades políticas representativas ou os grupos políticos significativos nalgunha das catro circunscricións provinciais da CAG.

As entrevistas coas entidades políticas representativas terán unha duración proporcionalmente ponderada, mais, atendendo aos criterios televisivos, evitaranse as excesivamente longas ou curtas.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

As entrevistas coas ou cos representantes dos grupos políticos significativos terá unha duración de 5' cada unha delas.

Emitiranse ao finalizar o bloque informativo do serán, antes da programación establecida para a parte central do horario de máxima audiencia, nas datas que se establecen a continuación.

ENTIDADE POLÍTICA	DÍA	DURACIÓN
PODEMOS GALICIA (PODEMOS-ALIANZA VERDE)	12.02.2024	5'
SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA)	12.02.2024	5'
PARTIDOS DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	13.02.2024	9'
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	14.02.2024	11'
PARTIDO POPULAR (PP)	15.02.2024	20'

2.2 Debate

Organizarase e emitirase un debate entre representantes das candidaturas das entidades políticas representativas e dos grupos políticos significativos obxecto de especial atención neste plan de cobertura:

- Partido Popular (PP)
- Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- Partido do Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)
- Sumar Galicia (Sumar Galicia)
- Podemos Galicia (Podemos- Alianza Verde)

O debate emitirase en directo, para toda Galicia, o 05.02.2024 (luns), ás 21:30 h. Realizarase no Centro Emisor de San Marcos.

Divulgarase tamén a través da Radio Galega e dos soportes dixitais e ofrecerase unha versión en lingua de signos.

O debate constará de tres bloques, separados por dúas pausas publicitarias, durante as cales poderá acceder ao estudio de gravación un equipo limitado de asesores/as.

Os anteditos bloques recollerán as grandes propostas das entidades políticas arredor de tres eixos clave:

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

1 Políticas económicas e orzamentarias. Emprego, industria e transición ecolóxica

2 Políticas sociais e financiamento do benestar. Fiscalidade, educación, sanidade, igualdade e lingua

3 Modelo institucional, pactos, gobernabilidade e voz de Galicia no Estado

No debate, os e as representantes das candidaturas disporán do mesmo tempo de intervención en cada un dos bloques.

Na intervención final disporán dun minuto. Abrirá a quenda o/a representante de Podemos Galicia e pecharaa o/a candidato/a da entidade política que obtivo a maior porcentaxe de votos nas anteriores eleccións equivalentes.

Nesa data (05.02.2024) realizarase unha programación especial arredor do debate, cun programa previo e outro posterior no que se organizará unha mesa de análise. Fóra do bloque de información electoral, ofreceranse resumos das principais mensaxes dos candidatos e das candidatas.

3 PROGRAMACIÓN ESPECIAL DA XORNADA ELECTORAL

Co obxecto de realizar o seguimento da xornada de votacións en Galicia, a TVG configurará unha programación especial: diversos espazos informativos e conexións que completarán a programación cos espazos habituais do domingo.

Durante toda a xornada, realizaranse conexións en directo con diversos puntos da actualidade informativa e con lugares nos que se produzan comparecencias ou se ofrezan resultados.

A duración do programa especial estará condicionada polo momento no que se coñezan os resultados definitivos.

3.1 A enquisa

TVG dará a coñecer os datos dunha enquisa sobre o resultado das eleccións: porcentaxe de votos que podería obter cada entidade política, número de escanos...

Esta enquisa emitirase cando se pechen os colexios electorais e será obxecto de debate por parte dos/as analistas presentes no estudio de gravación ata que se comecen a publicar os datos reais dos comicios.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA Nº: 400/2024
DATA ASENTO: 03/02/2024

RADIO GALEGA (RG)

1 INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA CAMPAÑA ELECTORAL

1.1 Información diaria específica da campaña electoral

Durante os 15 días do seu desenvolvemento (02.02.2024 ao 16.02.2024), a Radio Galega emitirá información da campaña electoral nos programas informativos. En función dos criterios que se expoñen neste plan de cobertura, a duración da información diaria dedicada a cada formación política con representación será, aproximadamente, a seguinte:

ENTIDADE POLÍTICA	PORCENTAXE	TEMPO APROX. 5' (300")
PARTIDO POPULAR (PP)	47,96%	2'38" (158")
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	23,79%	1'18" (78")
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	19,39%	1'04" (64")

A información dedicada aos *grupos políticos significativos* será de 30" a cada un deles: SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA) e PODEMOS GALICIA (PODEMOS-ALIANZA VERDE).

A cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes, que non obtiveron representación ou que non teñen a consideración de grupos políticos significativos agruparanse no apartado *outros*. Non terán necesariamente aparicións diarias, nin en todas as edicións dos informativos, e o seu tempo será sempre inferior ao que se lle asigna aos grupos políticos significativos.

Así, o tempo dedicado á información específica da campaña electoral en cada informativo (incluíndo a "outros" que, como se acaba de expoñer non terán necesariamente aparicións en todas as edicións dos informativos), será, aproximadamente, o seguinte:

ENTIDADE POLÍTICA	TEMPO APROX. 6'20" (380")
PARTIDO POPULAR (PP)	2'38" (158")
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	1'18" (78")
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	1'04" (64")
SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA)	30"
PODEMOS GALICIA (PODEMOS-ALIANZA VERDE)	30"
OUTROS	20"

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA Nº: 400/2024
DATA ASENTO: 03/02/2024

O bloque específico sobre a actualidade da campaña electoral diferenciarase do resto da información xeral cunha cabeceira de apertura e con outra de peche.

Periodicidade

En diferentes franxas do día, a Radio Galega ofrecerá bloques diarios de información da campaña electoral:

HORA	DÍA	INFORMATIVO
Entre as 06:00 e as 06:30 h	De luns a venres	*Galicia por diante*
Entre as 07:00 e as 07:30 h	De luns a venres	
Entre as 08:00 e as 08:30 h	De luns a venres	
Entre as 9:00 e as 9.30 h	De sábado a domingo	
Entre as 14:00 e as 14:30 h	De luns a domingo	*A crónica*
Entre as 14: 00 e as 14.30 h	De luns a domingo	
Entre as 20:00 e as 20:30 h	De luns a venres	
Entre as 22:00 e as 22:30 h	De luns a xoves	

A retransmisión de eventos deportivos podería alterar a franxa de emisión dalgún bloque electoral, pero en ningún caso suprimilo.

Non se emitirá o derradeiro bloque de información sobre o desenvolvemento da campaña electoral do 05.02.2024 (22:00 a 22:30 h), por coincidir coa emisión do denominado debate xeral.

1.2 Programación especial dos actos de apertura da campaña electoral

A información dos actos de apertura de campaña emitirase no bloque de información electoral do *Galicia Por Diante* do 02.02.2024.

A información dos actos de peche de campaña emitirase no bloque de información electoral de *A Crónica 20h* do 16.02.2024.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

2 ENTREVISTAS E DEBATE

2.1 Entrevistas

A Radio Galega ofrecerá entrevistas con representantes das candidaturas das entidades políticas representativas e dos grupos políticos significativos que se citan neste plan de cobertura. As persoas que designen debe formar parte das candidaturas que presentan as entidades políticas representativas ou os grupos políticos significativos nalgunha das catro circunscricións provinciais da CAG.

As entrevistas coas entidades políticas representativas terán unha duración proporcionalmente ponderada, mais, atendendo aos criterios radiofónicos, evitaranse as excesivamente longas ou curtas.

A entrevistas coas ou cos representantes dos grupos políticos significativo terá unha duración de 5' cada unha delas.

Emitiranse entre o 06.02.2024 (luns) e o 09.02.2024 (xoves), por orde de significación política, comezando cos grupos políticos significativos e rematando coa entidade política que logrou máis votos nas anteriores eleccións equivalentes. Divulgaranse na franxa horaria de máxima audiencia do programa informativo *Galicia por diante* (08:30 h).

ENTIDADE POLÍTICA	DÍA	DURACIÓN
PODEMOS GALICIA (PODEMOS- ALIANZA VERDE)	06.02.2024	5'
SUMAR GALICIA (SUMAR GALICIA)	06.02.2024	5'
PARTIDOS DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	07.02.2024	9'
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG	08.02.2024	11'
PARTIDO POPULAR (PP)	09.02.2024	20'

2.2 Debate

Consonte se establece neste plan de cobertura, a Radio Galega emitirá en directo o debate que organizará a Corporación RTVG o 05.02.2024, conxuntamente coa TVG e cos soportes dixitais.

Nese día, elaborarase unha programación especial arredor do debate, que incluirá resumos informativos das principais mensaxes dos candidatos e das candidatas e unha mesa de análise con colaboradores. Este debate terá unha cobertura específica que atenderá a criterios xornalísticos, respectando a proporcionalidade. Toda a información elaborada ao respecto do debate, tanto a previa como a posterior, ofrecerase fóra dos bloques propios da información electoral.

3 PROGRAMACIÓN ESPECIAL NA XORNADA ELECTORAL

Dentro do espazo *Galicia por diante fin de semana*, a Radio Galega iniciará ás 08:00 h do 18.02.2024 unha programación especial de seguimento da xornada das votacións en Galicia. Dende este momento, darase conta de calquera incidencia e recolleranse as votacións dos/as candidatos/as e líderes políticos. Tamén se incluirán conexións co centro de datos para informar puntualmente das porcentaxes de participación.

Para articular toda esta información, realizaranse boletíns informativos durante toda a xornada e un programa especial de eleccións.

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA Nº: 400/2024
DATA ASENTO: 03/02/2024

WWW.G24.GAL

A web www.g24.gal realizará unha cobertura especial da campaña electoral e dos comicios, incluíndo un apartado especial denominado *Eleccións autonómicas 2024* (ou similar), no que se inserirá a información especifica da campaña electoral que difunda a Corporación RTVG.

O portal informativo da corporación incluirá:

- Dúas actualizacións diarias sobre a actualidade electoral das entidades políticas representativas e dos grupos políticos significativos, a partir dos vídeos que se emitan nos telexornais.

- Na súa integridade, as entrevistas que realicen a TVG e a Radio Galega cos/coas candidatos/as das entidades políticas representativas e dos grupos políticos significativos.

- Tamén na súa integridade, o debate que organizará a Corporación RTVG o 05.02.2024.

Ás 00:00 h do 16.02.2024 (sábado), retiraranse da portada todas as informacións con contidos que chamen ao voto. Malia o que se indicou, nas seccións *Eleccións autonómicas 2024* e *Á carta* seguirán estando dispoñibles as novas que elaborou e emitiu a Área de Información e Documentación da Corporación RTVG sobre o proceso electoral.

No día da xornada electoral, tamén se ofrecerá información sobre o seu desenvolvemento. Ademais, tralo peche dos colexios electorais, ofreceranse os datos da enquisa á que se fixo referencia no apartado 3.1.

En tempo real, ofreceranse os resultados electorais a medida que se realice o escrutinio. Estes datos aparecerán nas portadas da sección de informativos e xeral da web.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA